

# As PRADEIRIAS pódense miyorar

✚ Jesús González Gayol

*El noso paisaxe agrícola ten cambiado muito nestas últimas décadas de tal xeito que terras que noutro tempo foron pinales deixaron sito a días y días d'aradura feitos pradeiría. Nestos tempos en qu'a rendedeira que se ye saque á terra mídese peseta a peseta, nun ta de máis recordar cómo manter y miyorar estas fontes de forraxe.*

**A**s pradeirías y os prados son el recurso máis aproveitado que temos na zona y del que tamén sacamos úa mayor rentabilidade, pois son a base da alimentación das vacas, das que viven búa parte das nosas familias. Lo miyor que se pode feir pra conseguir búas produccióis d'herba é aumentar y manter a fertilidá das pradeirías y dos prados, lo mesmo que tamén é importante que despois de ter feita el herba se pastoríe y se segue como é debido.

Lo primeiro qu'hai que feir é darye a terra lo que ye fai falta y poñela en disposición pra que se movilicen os elementos de que dispón y as plantas podan aproveitar os fertilizantes. Pra saber cómo é a terra y a súa composición hai que feir antes un análisis d'ela y, despois de ter el resultado y el diagnóstico, botarye os abonos qu'aconseya ese laboratorio ou un técnico que sepa da materia.

Nesta zona, lo máis común é qu'a terra seña ácida, con un pH baxo, lo que supón qu'úa búa parte dos minerais que yes fain falta ás prantas teña inmovilizado y qu'a materia orgánica se descompoña mui pouco a pouco por causa de qu'a flora bacteriana del tarrén nun pode medrar. Esto trai como consecuencia qu'ás prantas cóstayes caro assimilar os abonos y as leguminosas (trebe, alfalfa, veza) tein pouca capacidade de nodulación ou lo qu'é lo mesmo, nun afixan ben el nitróxeno da atmósfera nas súas raíces.

Pra quitarye a acidez ás terras —querse dicir, quitarye el pH— hai que botaryes cal, col que tamén yes minguamos el exceso d'aluminio y yes feimos máis asimilable el fósforo y el potasio. Se ademais ese aporte de cal tamén ten magnesio —como é el caso del Cal Dolomítico—, aínda é muito miyor porque este elemento é fundamental pras prantas y porque as nosas terras cuase sempre tein falta d'él.

Condo se fai úa pradeiría nova ou s'encala úa terra que foi antes monte, aveza a feir falta muito cal pra cubrir as necesidades da terra y pra feir que se

movilicen os outros elementos, pro condo é de labradío ou se renova úa pradeira ou un pastizal, as dosis que ye fai falta á terra son muito máis pequenas.

Pra manter el nivel del calcio y ter ben a terra, hai que repetir os análisis cada dous ou tres anos, velando sempre pra qu'el pH teña ben y así el calcio seña asimilable polas prantas. Pro ademais del calcio y del magnesio tamén hai que vixilar muito el resto dos elementos. Este é el caso del fósforo, pois é un dos que máis influyen na produccióis dos prados porque lo precisan as prantas xa qu'ás terras nosas fáltayes.



*Vilavedeje na rasa al pé da Ría del Eo, é un bon exemplo del paisaxe novo das pradeirías.*

Con dosis adecuadas d'abonos fosfatados chégase a duplicar a cantidá de fósforo nel herba y a triplicar el nivel de proteína bruta, lo que supón úa gran miyora na calidá del forraxe. Se s'aumentan máis as dosis aínda se pode miyorar máis a produccióis de materia seca, pro sempre dentro dos márxenes que marca el resultado dos análisis da terra.

A materia orgánica da terra é úa búa reserva de fósforo pro pra eso ten que tar descomposta y mineralizada. Al encalar y cuitar con abonos de fondo facilítase qu'a materia orgánica se descompoña y qu'aumente el nivel de fósforo asimilable pras prantas, polo qu'é fundamental botaryes ás pradeirías y prados muito máis cuito ou outros tipos d'enmendas orgánicas que non tanto surrio.

OBRA

Foto: ENTRAMBAIGUAS

ENTRAMBAIGUAS

21